



CONCELLO DE LOBEIRA
Travesía Toural, núm. 4
32850 – LOBEIRA (Ourense)
Teléfono: 988.458.513 – Fax: 988.45.90.03
lobeira.lobeira@eidolocal.es

BASES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DUN AUXILIAR DE ANIMACIÓN SOCIO CULTURAL DO CONCELLO DE LOBEIRA

INDICE:

Artigo 1. Obxecto da convocatoria
Artigo 2. Sistema de Selección.
Artigo 3. Requisitos dos/as aspirantes.
Artigo 4. Presentación de solicitudes.
Artigo 5. Reclamacións. Subsanación ou emenda de erros.
Artigo 6. Tribunal cualificador.
Artigo 7. Resolución da convocatoria.
DISPOSICIÓN ADICIONAL
DISPOSICIÓN FINAL.
ANEXO I.- TEMARIO
ANEXO II.- MODELO DE SOLICITUDE
ANEXO III.- DECLARACIÓN XURADA.



CONCELLO DE LOBEIRA
Travesía Toural, núm. 4
32850 – LOBEIRA (Ourense)
Teléfono: 988.458.513 – Fax: 988.45.90.03
lobeira.lobeira@eidolocal.es

Artigo 1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal, a xornada completa e por un período de cinco (5) meses, dun/dunha traballador/a para a ocupación de auxiliar de animación socio-cultural ao obxecto de levar a cabo o servizo de “Tarefas de Auxilio da execución da Programación Mocidade 2017”, e unha retribución de mil cento vintetrés euros con noventa e cinco céntimos de euro (1.123,95 €), incluíndo a parte proporcional das pagas extraordinarias e demais complementos salariais, suxeitaranse ao previsto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores e demais disposicións de aplicación.-

Artigo 2. SISTEMA DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección será o de oposición libre e constará das seguintes fases:

a).-COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

O artigo 35 da Lei 2/2009, de 23 de xullo, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, establece: “...nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das Entidades Locais de Galicia incluírase un exame de galego agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente...”

En cumprimento do sinalado os aspirantes deberán realizar unha proba que consistirá na tradución directa dun texto elixido polo tribunal do castelán ao galego sen axuda de diccionario nun tempo máximo de 30 minutos. Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten, antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes, posuír o Celga 2 ou estudos equivalentes.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

b).- EXERCICIO ESCRITO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO. Consistirá na realización dunha proba de coñecementos tipo test con respostas alternativas sobre os temas establecidos no temario destas bases. Esta proba desenvolverase nun período máximo dunha hora. O test estará comprendido por 25 preguntas con catro posibles respostas, das que só unha será a correcta. Os test serán calificados de forma matemática, asignándoselle puntuación positiva aos acertados e negativa aos erros, e non se computarán as cuestións deixadas en branco. Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.



CONCELLO DE LOBEIRA
Travesía Toural, núm. 4
32850 – LOBEIRA (Ourense)
Teléfono: 988.458.513 – Fax: 988.45.90.03
lobeira.lobeira@eidolocal.es

c).- ENTREVISTA CURRICULAR: Máximo 5 puntos.-

A entrevista versará sobre os méritos específicos adecuados ás características do posto. Na entrevista valorarase a dispoñibilidade e responsabilidade que comporta o desempeño do posto de traballo e a súa capacidade de traballo en equipo, etc..

Artigo 3. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para participar nesta convocatoria, os/as aspirantes deberán reunir na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

1. Ser español ou nacional dos demais estados membros da Unión Europea.

Ademais poderán participar no concurso os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, así como os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois/las ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe, sexan menores de 21 anos ou maiores da dita idade dependentes. As mesmas regras aplicaranse, de se-lo caso, ás persoas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, nos que sexan de aplicación a libre circulación de traballadores/as.

2. Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.

3. Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

4. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

5. Estar en posesión do título de Bacharel ou equivalente, ou en condicións de obtelo na data de finalización do prazo de admisión de instancias.



CONCELLO DE LOBEIRA
Travesía Toural, núm. 4
32850 – LOBEIRA (Ourense)
Teléfono: 988.458.513 – Fax: 988.45.90.03
lobeira.lobeira@eidolocal.es

Artigo 4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1. As instancias solicitando participar no proceso selectivo presentaranse no modelo oficial facilitado polo Concello de LOBEIRA, no Rexistro Xeral do Concello, de acordo co preceptuado no artigo 38.4 da Lei 30/1992 do 26 de novembro Reguladora do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, durante o prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, na Páxina Web e no Taboleiro de Anuncios do Concello, sendo o horario de presentación da documentación o seguinte:

- de luns a venres: de 9:00 a 14:00 horas.

De non presentarse as solicitudes no Rexistro Xeral, os/as interesados/as, dentro do prazo, remitirán por fax ao Concello (nº 988 – 459003), a comunicación da presentación da solicitude por algún dos medios previstos no referido artigo 38.4 da Lei 30/1992.

2. O modelo de solicitude figura como Anexo número II das presentes Bases.

Todos os anuncios sucesivos serán publicados, exclusivamente, no Taboleiro de Anuncios e na páxina Web deste Concello.

Artigo 5. RECLAMACIÓN. SUBSANACIÓN OU EMENDA DE ERROS.

1. Publicada a lista de aspirantes no Taboleiro de Anuncios e na páxina Web deste Concello, os/as aspirantes poderán presentar reclamacións ás mesmas, en todo caso por escrito, constando a descrición precisa da reclamación e achegando a documentación en que se fundamente.

2. As reclamacións deberán ser rexistradas e presentadas de idéntica forma que as solicitudes.

3. Non caben reclamacións para a falta de documentación non achegada no seu momento.

4. Dada a urxencia das contratacións o prazo de presentación de reclamacións será de dous días hábiles a partir do día seguinte á publicación da lista de aspirantes e mailo tribunal de cada proba no Taboleiro de Anuncios e na páxina Web do Concello de LOBEIRA, a través dos medios establecidos no artigo 4.-

5. Rematado o prazo de reclamación e/ou de emenda de erros, o Sr. Alcalde dictará unha resolución aprobando a listaxe de admitidos e excluídos definitiva,



CONCELLO DE LOBEIRA
Travesía Toural, núm. 4
32850 – LOBEIRA (Ourense)
Teléfono: 988.458.513 – Fax: 988.45.90.03
lobeira.lobeira@eidolocal.es

fixando a data da celebración das probas que se publicará no Taboleiro de Anuncios e na páxina Web do Concello, cunha antelación de dous días, salvo renuncia expresa dos aspirantes.-

No caso de non presentarse reclamacións polos/as aspirantes excluídos/as (de existir) a lista publicada terá carácter definitivo.

Artigo 6. TRIBUNAL CUALIFICADOR:

1. O Tribunal Cualificador para o posto de traballo de “Auxiliar de animación socio-cultural”; estará integrado polos seguintes membros:

Tribunal titular:

Presidente: D. Santiago Mansilla Vázquez, Secretario do Concello de Lobeira
Secretario: D. Benito Iglesias Álvarez, funcionario do Concello de Lobeira.
Vogais: Dona M^a. José López Álvarez, Auxiliar Administrativa do Concello de Lobeira.
Dona Ana María Antúnez Pérez, Funcionaria do Concello de Muíños.-
D^a. Lourdes Mosquera Fernández, Auxiliar de animación socio-cultural do Concello de San Cristovo de Cea

Tribunal suplente:

Presidente: Dona María Carmen García Pérez, Secretaria do Concello de Sarreaus.-
Secretaria: D^a. María Isabel Colmenero Veloso, Secretaria do Concello de San Ciprián de Viñas.-
Vogais: Don Olegario Rodríguez Justo, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Lobeira.-
D^a. Josefa Blanco Rodríguez, Auxiliar-Administrativa do Concello de Sarreaus.-
D^a. Ángela Garrido Movilla, Xefa do Negociado de Administración e Control do Servizo de Recursos Humanos da Excma. Deputación Provincial de Ourense.

O Tribunal Cualificador está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.

O Tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, sendo imprescindible, en todo caso, a asistencia do presidente e do/a secretario/a, titular ou suplente.



CONCELLO DE LOBEIRA
Travesía Toural, núm. 4
32850 – LOBEIRA (Ourense)
Teléfono: 988.458.513 – Fax: 988.45.90.03
lobeira.lobeira@eidolocal.es

O réxime xurídico aplicable aos Tribunais de selección será o que se establece para os órganos colexiados no título II, capítulo II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que efectuase o seu nomeamento, cando concorran neles algunhas das causas previstas no artigo 28 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Artigo 7. RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.

Unha vez concluído o proceso de selección, o Tribunal publicará a relación de candidatos/as para o posto de traballo, pola orde de puntuación acadada, con indicación da cualificación obtida, así como do documento nacional de identidade, elevando dita proposta ao Alcalde.

O Alcalde dictará resolución, aprobando a selección, en réxime de persoal laboral, de acordo coa orde de puntuación obtida no proceso selectivo, para os efectos da súa contratación temporal.

A dita resolución publicarase no Taboleiro de Anuncios e na Páxina Web do Concello.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Si as necesidades do servizo así o indicaran e de existir dotación orzamentaria que non implique aumento de masa salarial, poderase prorrogar o contrato ata un máximo de 3 meses.-

DISPOSICIÓN FINAL.

As presentes Bases entrarán en vigor ao día seguinte da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.



CONCELLO DE LOBEIRA
Travesía Toural, núm. 4
32850 – LOBEIRA (Ourense)
Teléfono: 988.458.513 – Fax: 988.45.90.03
lobeira.lobeira@eidolocal.es

O que se fai público para xeneral coñecemento. LOBEIRA, a 29 de maio de 2017.-

O Alcalde,

Asdo. Antonio Iglesias Álvarez



CONCELLO DE LOBEIRA
Travesía Toural, núm. 4
32850 – LOBEIRA (Ourense)
Teléfono: 988.458.513 – Fax: 988.45.90.03
lobeira.lobeira@eidolocal.es

ANEXO I) TEMARIO:

Tema 1.- A Constitución Española de 1978: estrutura e contido. A reforma constitucional. Dereitos fundamentais e liberdades públicas.

Tema 2.- A Coroa. As Cortes Xerais. As funcións das Cortes Xerais. O Goberno e a Administración. O Goberno: composición e funcións. Relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais. O poder xudicial: Principios e organización.

Tema 3.- O estado das autonomías. Modo de organización estatal na Constitución Española. Carácteres do dereito á autonomía. Competencias das comunidades autónomas. Contido e valor normativo dos Estatutos de Autonomía. O Estatuto de Autonomía de Galicia.

Tema 4.- A Comunidade Autónoma Galega. O Estatuto de Autonomía. O Parlamento de Galicia. Administración Autonómica de Galicia. Organización e estrutura básica.

Tema 5.- A cooficialidade lingüística na Constitución e no Estatuto de Autonomía de Galicia. A Lei de normalización lingüística de Galicia. A Lei de uso do galego polas corporación locais. O galego na Lei da función pública de Galicia.

Tema 6.- O réxime local español. Principios constitucionais. As entidades locais. O municipio. Poboación e termo municipal. Organización e competencias. A provincia: Organización e competencias. Outras entidades locais.

Tema 7.- O goberno municipal. O Pleno da Corporación. O Alcalde. A Xunta de Goberno Local. As Comisións Informativas. Outros órganos complementarios. Réxime e funcionamento dos órganos Colexiados locais. Convocatoria, orde do día, actas e certificacións.

Tema 8.- O municipio de Lobeira. Organización municipal específica: Pleno, Alcalde, Xunta de Goberno Local, tenentes de Alcalde e concelleiros delegados. Poboación e termo municipal.

Tema 9.- Análises e evolución da animación sociocultural. Antecedentes e análise do desenvolvemento.

Tema 10.- O animador sociocultural: concepto e funcións. Formación, perfiles do animador sociocultural.

Tema 11.- Elementos que cualifican a animación sociocultural. Proxectos e valores da animación sociocultural. Educación e animación sociocultural.

Tema 12.- A participación dos sectores sociais na animación sociocultural e os seus supostos básicos. Métodos de dinamización da participación.

Tema 13.- A planificación da acción sociocultural. Análises da realidade e as súas fases. O concepto da planificación e o seu desenvolvemento.



CONCELLO DE LOBEIRA
Travesía Toural, núm. 4
32850 – LOBEIRA (Ourense)
Teléfono: 988.458.513 – Fax: 988.45.90.03
lobeira.lobeira@eidolocal.es

ANEXO II.- MODELO DE INSTANCIA.

A) DATOS DO SOLICITANTE.

NOME E APELIDOS:			
NIF / NIE Nº.:		NACIONALIDADE	
DOMICILIO NOTIFICACIÓNS:			
LOCALIDADE:		CÓDIGO POSTAL:	
PROVINCIA:			
TELÉFONO:		TELÉFONO MÓVIL:	
CORREO ELECTRÓNICO:			

EXPÓN: Que informado da convocatoria efectuada polo Concello de LOBEIRA para a contratación temporal dun auxiliar de animación socio-cultural.

SOLICITA: Que sexa admitido/a a tomar parte no procedemento, comprometéndose a someterse ás bases que o regulan.

AUTORIZA: Ao Concello de LOBEIRA para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión, no Taboleiro de Anuncios e na Páxina Web do Concello, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

B) LUGAR, DATA E FIRMA.

En LOBEIRA, _____ de _____ de 2017.

Asdo.: _____.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE LOBEIRA

En cumprimento da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, se lle informa que os datos persoais facilitados se incorporan e manteñen nun ficheiro, titularidade do Concello de Lobeira, coa finalidade de xestionar todo o relacionado co expediente tramitado.



CONCELLO DE LOBEIRA
Travesía Toural, núm. 4
32850 – LOBEIRA (Ourense)
Teléfono: 988.458.513 – Fax: 988.45.90.03
lobeira.lobeira@eidolocal.es

ANEXO III.- DECLARACIÓN XURADA.

D./D^a. _____, con DNI núm.
_____, con domicilio a efectos de notificación en
_____.

DECLARA

baixo xuramento ou promete, aos efectos de ser admitido no proceso selectivo para a cobertura dunha praza de auxiliar de animación socio-cultural con carácter de contratación temporal:

- § non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas,
- § non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e
- § non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;
- § no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

En LOBEIRA, a _____ de _____ de 2017.
O/A solicitante,

Asdo: _____.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE LOBEIRA